# EDUCAR EN VERDE

## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

## POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Yayo Herrero




**EDUCAR PARA LA SOSTENIBILIDAD DE LA VIDA: UNA MIRADA ECOFEMINISTA DE LA EDUCACIÓN.**
Octaedro, 2022

Unha proposta educativa dende o enfoque da sustentabilidade da vida. Coas miradas ecofeministas preténdese afondar nas condicións materiais e culturais da existencia humana. Un coñecemento e práctica que tenta comprender o momento en que vivimos, Estimulando a adquisición de saberes e capacidades que deberían ser estendidos e asumidos polo conxunto da sociedade. Trátase de evitar o previsible colapso ecolóxico e social, para cambiar o rumbo da historia.

**En préstamo en** Biblioteca CEIDA (Oleiros)

**ADEUS PLÁSTICO!: CHAVES PARA UNHA VIDA SEN RESIDUOS.** Catro Ventos, 2021

Este libro explica o panorama actual con cifras e datos chave. Está ateigado de consellos prácticos para cambiar os nosos hábitos e reducir os refugallos que xeramos en todos os aspectos da nosa vida cotiá. Un vademécum indispensable para ler, reler, subliñar, ter á man, para consultar e chegar sempre á mesma conclusión: reducir. É o R máis importante de todos, deixar de usar plástico e materiais desbotables até chegarmos a un residuo case cero.




Elisa Nicoli, Chiara Spadaro

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas: Brión,Cangas, Tui, As Pontes, Burela, Carballo, Cariño, Foz, Oroso, Rianxo, Ribadavia, Ribadumia, Santiago, Viano do Bolo, Vigo, Vilanova Arousa
Bibliotecas Universitarias: USC Santiago



Ángel Sánchez Crespo, Isabel Galende

**LAGARTIJAS QUE PIERDEN LA COLA Y OTRAS COSAS INCREÍBLES: CURIOSIDADES DE LA NATURALEZA PENINSULAR.**
Guadarramistas, 2017

Neste libro atoparedes a algúns dos protagonistas máis curiosos da Península Ibérica. Insectos que viven nunha landra, bolboretas que chupan os ollos, mamíferos que constrúen grandes galerías, anfibios que se inchan se están en perigo, réptiles con costelas velenosas; árbores milenarias, cogomelos que camiñan ou lagartas que perden a cola.

**En préstamo en** Biblioteca CEIDA (Oleiros)

**MANUAL DE ILUSTRACIÓN CIENTÍFICA.**
Geoplaneta, 2022

O primeiro manual de ilustración científica en español, dirixido a profesionais e a afeccionados. Imprescindible na divulgación do coñecemento, Ao longo deste manual coñecerán o traballo do ilustrador científico, aprenderán algunhas das técnicas máis empregadas, recibirán consellos de profesionais en activo, Con exercicios e preguntas que servirán para reflexionar sobre aspectos importantes á hora de abordar unha ilustración científica.




Miquel Baidal , Clara Crespo Fernando Correia

**En préstamo en** Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas: Santiago, Vigo

UNOG




**170 ACCIONES DIARIAS PARA TRANSFORMAR NUESTRO MUNDO.** Proyecto cambio de Percepción, Unog , 2016

Presentámosche as 170 accións da campaña para contribuír a cambiar o noso mundo.
En setembro de 2015, 193 países adoptaron a Axenda 2030 e acordaron 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e garantir a prosperidade para todos e todas. Integra os obxectivos na túa vida cotiá, fai opcións máis sostibles, compárteos coa túa comunidade e co mundo.

**Descárgao en** http://bitly.ws/zyJq

**LA BIODIVERSIDAD EN EL CENTRO EDUCATIVO. Guía para el docente.** Conselleria d'Agricultura, Desenvolupament Rural, Emergència Climàtica i Transició Ecològica, 2020

Este sinxelo material didáctico, ten como finalidade achegar a biodiversidade faunística máis próxima aos centros educativos. Dar a coñecer e fomentar a súa estima e valoración entre eles. Inclúe paneis con recortables para apreciar, dunha forma visual, a importante biodiversidade que acollen as contornas humanizadas, xa sexan rurais ou urbanas.




CEACV

**Descárgao en** http://bitly.ws/zDI8

Basurama




**PATIOS SILVESTRES. RECOMENDACIONES PARA EL DISEÑO DE ESPACIOS EXTERIORES EN ESCUELAS INFANTILES.**
Basurama, 2021

Este manual de recomendacións é o resultado dun proceso de traballo participativo do que formaron parte técnicos do Concello de Madrid, Escolas Municipais e distintos centros expertos en diferentes temáticas, baixo a coordinación de expertos de Basurama. Recolle propostas e recomendacións para sentar as bases do deseño de novas escolas infantís ou para a adaptación e transformación das existentes.

**Descárgao en** [http://bitly.ws/zDK4](http://bitly.ws/zDK4)

**O MAR DAS MULLERES.OCEÁNOS SUSTENTABLES CON PERSPECTIVA DE XÉNERO.** Unid. Igualdade Universidade de Vigo, 2020

Este proxecto, pensado para as etapas de infantil, primaria e secundaria, ofrece en aberto os paneis da exposición para o seu traballo en aula. Atopamos o material "O mar das mulleres. Océanos sustentables con perspectiva de xénero" que consiste en realizar xunto a Emma, unha rapaza moi curiosa, un percorrido polo destacado papel que as mulleres veñen xogando desde sempre na conservación dos océanos e na explotación sustentable dos recursos mariños




Campus do Mar

**Descárgao en** [http://bitly.ws/zDKL](http://bitly.ws/zDKL)

Ecoloxistas en Acción




**SIN BIODIVERSIDAD NO HAY VIDA [exposición].** Ecologistas en Acción, 2020.

Un millón de especies ameazadas. Un 75% do chan transformado. Un 55% dos océanos invadidos pola pesca industrial. Máis do 50% dos arrecifes de coral morreron. Vivimos unha emerxencia ecolóxica sen precedentes pero estamos a tempo de revertela. Esta exposición de Ecoloxistas en Acción recolle 10 paneis que falan da importancia da diversidade biolóxica, que poden descargarse en formato dixital en castelán, mais existe versión en galego en formato físico que se os centros educativos poden solicitar en préstamo.

**Descárgao en** https://bit.ly/3Jy7I1K

**DIVERSIDAD DE POLINIZADORES [vídeo].** Divulgare (Universidade de Vigo), 2022.




Luis Navarro (director)

A perda de especies no planeta empeza a ser alarmante. Pero non só afecta as especies de gran tamaño. Hai pequenos organismos que teñen funcións moi importantes para o bo funcionamento do planeta: son polinizadores! Neste vídeo axudámosche a coñecelos e identificalos.

**Descárgao en** https://vimeo.com/758767521

CEIDA CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA · DOMINGO QUIROGA CENTRO DE DOCUMENTACIÓN · Deputación DA CORUÑA · para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA

XANEIRO 2023

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

## FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 28.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



## SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

+INFO https://bit.ly/2mPg90v

CEIDA CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA
DOMINGO QUIROGA CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
Deputación DA CORUÑA
para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA